

PROXECTOS

Cultura quiere converter a Casa do Xadrez nun centro literario para os rapaces

Haberá obradoiros de escritura e encontros con autores e debuxantes de Ferrolterra

A actual Casa do Xadrez, un pequeno edificio situado no centro do Cantón de Molíns, transformárase despois do verán nun espazo dedicado ós nenos especializado en literatura. Así o anunciou onte a concelleira de Cultura, Yolanda Díaz, nunha visita realizada ás instalacións.

REDACCIÓN > FERROL

■ Díaz comprobou o estado do edificio, que, asegurou, necesitaría só pequenos arranxos, unha capa de pintura e o traslado do almacén ubicado no soto para poder funcionar con normalidade. Compatibilizaríase o seu uso como Casa da Infancia co de centro de actividades do Círculo Ferrolán de Xadrez, entidade que ocupa agora as instalacións.

O obxectivo principal do centro será o de potenciar a creatividade dos rapaces a través de obradoiros literarios e do contacto con autores e debuxantes de Ferrolterra. Tamén os xogos populares se introducirán nunha programación deseñada por expertos. “Vai ser no proceso de formación no que se vai determinar o futuro do perfil da nosa mocidade”, comentou Yolanda Díaz durante a visita.

Prepáranse actividades dirixidas a varios tramos de idade, desde que comezan coa súa alfabeti-



Yolanda Díaz comprobou o estado do edificio, por dentro e por fóra

JORGE MEIS

zación, sempre prestando “toda a atención cara ó mundo da literatura infantil e sobre todo dos contos, que reflicten os costumes e os modos da sociedade”, indicou a concelleira.

A proposta ten, ademais dunha vertente cultural, un aspecto vencellado tamén coa política familiar, xa que se asegura un tempo de ocio para os pequenos “cultural e interesante”.

A intención da Concellería de Cultura é comezar cos trámites canto antes. A longo prazo, e se a experiencia no Cantón resulta satisfactoria, estudarase a posibilidade de estendela a outros barrios da cidade. “Unha das nosas grandes tarefas é a de que a cidadanía participe activamente nas actividades culturais”, explicou Yolanda Díaz.

A concelleira falou tamén das

festas de verán, cuxo programa espera pechar ó longo desta semana. Tal e como fixera días atrás, agradeceu a implicación de todo o equipo do departamento de Cultura para sacar adiante as celebracións. “Fixemos un esforzo inxente porque non había contratado nada”, comentou. “Non van ser as grandes festas do mandato pero serán dignas”.

ESPECTÁCULO

O Capitán Marabilla e os acróbatas Le Petit Monsieur chegan a Ferrol

REDACCIÓN > FERROL

■ O espectáculo “Os tambores de lume” dos vascos Deabru Beltzak abren esta noite, ás onces, o programa Caixanova na rúa, que se desenvolverá ata o vindeiro día 10, enchendo as rúas de numerosas actividades.

Mañá, a festa comeza xa a primeira hora da tarde cos acróbatas franceses Le Petit Monsieur, que actuarán ás 13.00 horas na rúa Magdalena, ás 18.00 horas no Cantón e ás 22.00 na praza de Amboage. Trátase dunha formación creada en 1998 por Amandine Barrion e Iván Charry. “Avariada”, o espectáculo que presentan en Ferrol, é o primeiro da compañía. Percorreu xa máis de 15 países. Iván Charry expresa con xestos e mimo as peripecias dun personaxe enfrontado a unha cabina telefónica que non quere abrir.

O Capitán Marabilla é un clown madrileño que actuará ás 13.45 horas en Amboage e ás 20.30 no Cantón. Este superheroe, galardoado nas Festas da Mercé de Barcelona en 2001 e en Valladolid en 2003, combina malabares, música e unha chea de recursos durante todo o espectáculo.

A programación de mañá péchase ás 23.00 horas coa proxección, na praza de Amboage, da película “Metrópole”, a aclamada obra de Fritz Lang que critica a sociedade capitalista e a automatización.

CULTURA MARÍTIMA

Reordenan o tráfico no porto con motivo do Encontro de Embarcacións

REDACCIÓN > FERROL

■ A celebración no peirao de Curuxeiras do VIII Encontro de Embarcacións Tradicionais obriga a reaxustar o tráfico na zona. Desde onte e ata o domingo –incluído– está pechada á circulación á estrada Baixa, no tramo comprendido entre o acceso á estrada Alta e o paseo da Mariña. Tan só poderán empregar esta vía os transportes de carácter comercial que se dirixan ó porto.

Por outra banda, a Autoridade Portuaria deu permiso para abrir o portalón de acceso á estrada Alta, para que os condutores poidan contar cunha ruta alternativa que lles evite incómodos rodeos.

O Encontro de Embarcacións Tradicionais está organizado polo Club do Mar de Ferrol, a Federa-

ción Galega pola Cultura Marítima e Fluvial e o Museo do Mar de Galicia. Celébrase cada dous anos en diferentes puntos da xeografía galega. É a primeira vez que se traslada a unha das rías altas.

Hai confirmada a presenza de 95 barcos e 426 tripulantes, segundo os datos facilitados onte polos organizadores. Esta cifra, que non deixou de medrar desde a semana pasada, podería aínda incrementarse ata chegar ó centenar de embarcacións. A maioría delas (68) teñen unha eslora inferior a seis metros, hai once cuxa lonxitude sitúase entre os seis e os nove metros, seis que van de nove a doce, outras seis de 12 a 24 e catro cunha eslora entre os 24 e os 50 metros. Entre estas últimas atópase a goleta francesa “La Re-



O “Hidria II”, atracado en Curuxeiras

PAULA IGLESIAS

couvance”, procedente do porto de Brest, que ten previsto entrar na ría de Ferrol no mediodía de hoxe.

No peirao de Curuxeiras está tamén o barco “Hidria II”, un vapor que percorreu o ano pasado as costas galegas cunha exposición a bordo centrada na represión fascista sufrida polos mariños. Será dentro desta nave onde comecen, mañá, ás 9.30 horas, as actividades do Encontro, coas xornadas técnicas que tratarán sobre a lexislación vixente no tocante ás embarcacións tradicionais.

A inauguración oficial está prevista para as 12.30 horas, cun acto no que servirá tamén para abrir os pavillóns dedicados a exposicións e museos e que dará paso, xa pola tarde, a unha apertura máis festiva coa chegada conxunta das embarcacións.

■ APUNTE

A regata de Redes será os días 21 e 22

■ Outra das entidades que destacan na recuperación das embarcacións tradicionais, xunto co Club de Mar de Ferrol, é o Club Marítimo de Redes. Organizan a súa quinta regata especializada nestes barcos para os días 21 e 22 de xullo. Dentro do seu programa de actividades inclúen unha exposición de coches clásicos, sardiñada, concertos a cargo dos grupos Goldeneye e Band d'Banda e a actuación do grupo de artistas alemáns Gottlieb. Tamén teñen previsto volver a celebrar a Festa da Cabria, que levaron adiante por primeira vez o ano pasado e da que farán unha demostración en Ferrol.